

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR **2019 – 2020**

- ❖ **Normativa:** Orde do 3 de maio de 2019 (DOG do 20/05/2019)
- ❖ **Prazo de presentación de solicitudes:** 21 de maio ata 21 de xuño de 2019
- ❖ **Lugar de presentación:** na secretaría do centro ou por vía electrónica empregando os formularios normalizados dispoñibles na aplicación Fondolibros (<http://www.edu.xunta.es/fondolibros>) e a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)
- ❖ **Requisitos:**
 - **Alumnado matriculado no curso 2019/20 en:**
 - Fondo solidario: 3º,4º,5º e 6º Ed. Primaria.
 - Axudas libros: 1º e 2º Ed. Primaria.
 - Axudas material: Todos os cursos de Ed. Primaria
 - **Devolver os libros de texto que se lles prestaron polo programa de fondo de libros no curso 2018/2019 (data límite da devolución o 14 de xuño).** O alumnado de 1º e 2º de primaria non ten que devolver os libros de texto.
- ❖ **Contía das axudas:**
 - **Fondo solidario:** pode solicitar a axuda todo o alumnado independentemente da renda pero os libros que hai no fondo solidario repartiranse atendendo á renda das familias. As familias teñen dereito a un mínimo de libros en función da súa renda:
 - Renda ata 5400 € dereito a 6 libros
 - Renda de 5400, 01 € ata 9000 € dereito a 4 libros
 - **Axuda para adquisición de libros de texto:**
 - Renda ata 5400 €: 170 €
 - Renda de 5400, 01 € ata 9000: 90 €
 - **Axuda para adquisición de material escolar:**
 - Renda ata 5400 € : 50 €
- ❖ **Documentación a presentar:**
 - **Anexo I e II** (a vosa disposición na web da Consellería de Educación, na secretaría e na web do colexio, na aplicación Fondolibros e na sede electrónica da Xunta de Galicia).
 - **Copia do Libro de Familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar (traer tamén o orixinal para cotexar). Se non teñen libro de familia ou a situación é diferente á especificada no Libro da Familia poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:
 - No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor
 - Certificado ou volante de convivencia.

- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde reside a familia.
- **Certificado de discapacidade de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.**
- **No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite.**
- **Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**
- **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento familiar.**
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais.**

Nota:

- ❖ Farase a consulta automática dos seguintes documentos: dni ou nie, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados/as non autoricen a consulta automática deste datos terán que achegar a documentación correspondente.
- ❖ Familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude excepto se presentan a solicitude por vía electrónica que realizarán unha solicitude por cada fillo.
- ❖ Renda familiar per cápita = renda familiar (do exercicio do 2017) dividida entre o número de membros da familia computables.

Cálculo da renda familiar = sumárase a base imponible xeral (recadro 415) e a base imponible de aforro (recadro 435). E divídese entre o número de membros da unidade familiar.

Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2017):

- Pais non separados legalmente ou titores.
- Fillos menores de idade salvo os emancipados.
- Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade.
- Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 de decembro de 2017.
- Proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar, agás nos casos de custodia compartida.

Fene, 20 de maio de 2019

A directora

Raquel Abella Brozos